

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 29 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas do monte Valdaios, Paradela e Touza, de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Raxoá, As Carreiras, Millarouso e Santurxo, do concello do Barco de Valdeorras.

De conformidade co establecido no artigo 11.3 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas e no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que por espazo de dous (2) meses, que computarán a partir do día seguinte da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do presente anuncio, ábrese un período de información pública do procedemento de inscrición de oficio, no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, do monte Valdaios, Paradela e Touza, de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Raxoá, As Carreiras, Millarouso e Santurxo, do concello do Barco de Valdeorras.

Durante o período de exposición, calquera persoa física ou xurídica poderá examinar no Servizo de Montes de Ourense os documentos seguintes:

- Memoria xustificativa.
- Plano da masa.
- Listaxe de parcelas catastrais afectadas.
- Informe favorable do Servizo de Montes.

Así mesmo, durante o período de exposición as persoas titulares das parcelas catastrais afectadas, individual ou colectivamente, poderán presentar as alegacións que consideren oportunas. Para iso poderán utilizar o formulario do anexo IV do Decreto 167/2019, achegando a seguinte documentación:



a) Listaxe de parcelas catastrais incluídas na masa que son propiedade das persoas que alegan.

b) A xustificación da propiedade mediante documentación acreditativa da titularidade reflectida nos asentamentos do correspondente Rexistro da Propiedade e, na súa falta, no Catastro e, se for o caso, a acreditativa de situacións posesorias por calquera medio de proba válido en dereito ou na falta destes, mediante declaración responsable que acredite a lexitimación para iniciar o procedemento de acordo co establecido no artigo 6.1.

c) Se é o caso, acreditación mediante declaración responsable da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos para poder actuar en nome do solicitante.

d) No caso de pluralidade de persoas alegantes, listaxe completa da persoa ou persoas alegantes segundo o modelo específico dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

e) Calquera outra documentación que consideren pertinente achegar.

Este anuncio será, igualmente, obxecto de publicidade a través da páxina web da Concellería do Medio Rural (www.mediorural.xunta.gal).

Este anuncio estará á disposición das persoas que o soliciten na sede electrónica.

Ourense, 29 de decembro de 2022

O xefe territorial de Ourense
P.S. (Resolución do 13.4.2016)
José Antonio García Rodríguez
Xefe do Servizo Xurídico-Administrativo

